

SOLICITUDE DE PRÉSTAMO DA EXPOSICIÓN A COLECCIÓN DE OURIVERÍA ANTIGA DO MUSEO PROVINCIAL DE LUGO.

CARACTERÍSTICAS DA EXPOSICIÓN

A mostra *A colección de ourivería antiga do Museo Provincial de Lugo* consta de **nove paneis verticais flexibles de 1 x 0,70 m**, nos que se ofrece unha completa visión, a través de fotografías e textos explicativos, desta colección. As pezas amosadas abranguen dende o II milenio a. C. ata o século VI d. C.

DESTINATARIOS DA EXPOSICIÓN

- Centros de ensino
- Organismos públicos
- Institucións culturais
- Colectivos socioculturais, etc.

FORMA DE PRÉSTAMO

O préstamo da exposición solicitarase mediante o envío deste formulario ao enderezo electrónico: direccion@museolugo.org

As peticións serán atendidas por rigorosa orde de chegada.

Tanto o material expositivo como transporte serán facilitados de balde polo Museo Provincial de Lugo-Deputación Provincial de Lugo.

NECESIDADES TÉCNICAS E DURACIÓN DO PRÉSTAMO

- A entidade solicitante deberá dispoñer dunha sala despexada para a colocación da exposición e de persoal para a montaxe desta. Así mesmo, deberá garantir as condicións de seguridade/conservación da mostra, promocionar e difundir o evento no eido cultural e social inmediato e realizar un pequeno informe final, para ser incluído dentro da memoria de actividades anuais do MPL.
- A duración máxima da mostra será dun mes prorrogable, de estar dispoñible, solicitude previa da parte interesada.
- No caso de realizar presentación/inauguración da exposición, a entidade solicitante informará, coa debida antelación, da súa celebración, a fin de garantir a asistencia de representantes desta institución.

PROGRAMACIÓN PARALELA Á EXPOSICIÓN

Posibilidade de solicitar charlas divulgativas impartidas polo persoal técnico do MPL para ampliar coñecementos relacionados coa exposición, en datas para determinar, durante o tempo que dure a mostra.

DATOS DA PERSOA/ENTIDADE SOLICITANTE

Nome/razón social

Enderezo

Persoa de contacto

Enderezo electrónico

Teléfono

Sinatura